

Asunto: Consulta parque eólico Figueiras

Promotor: Fergo Galicia Vento Pee, SL (B70169727)

Localización: Concellos de Mondoñedo, Alfoz e O Valadouro (Lugo)

Clave: LU-11/138-EOL

ANTECEDENTES:

O proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalación do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental da actuación Parque Eólico Figueiras nos termos municipais dos Concellos de Mondoñedo, Alfoz e O Valadouro (Lugo)

Por parte do Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou de actuación, sobre o devandito documento.

Con data 8 de novembro de 2021 preséntase no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de Autorización Administrativa, Aprobación de Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Figueiras a través do Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, emitíndose pertinente informe e requirindo información turística que é aportada a través de rexistro o 16 do 11 de 2021 elaborándose o seguinte informe.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado consiste na instalación de 5 novo aerogeneradores acadando una potencia total de 22,5 MW, o modelo seleccionado ten un diámetro máximo de rotor de 163 m e altura máxima de buxe ata 148 m.

INFORME

Segundo o Estudo de Impacto Turístico do Proxecto Parque Eólico Figueiras tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, o de seus procesos fundamentais de

TURISMO DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenrolo da explotación.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque Eólico Figueiras no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

